

ACTA DA SESION EXTRAORDINARIA E URXENTE CELEBRADA POLO PLENO DA CORPORACIÓN DO CONCELLO DE MOECHE O DIA TRES DE XUÑO DE DOUS MIL SEIS

No Salón de Sesions da Casa do Concello de Moeche, sendo as dez horas do día 3 de xullo de 2011, baixo a presidencia do Sr. Alcalde en funcions D. Julio Lopez Romeo, reunense os Srs./as Concelleiros/as en funcions que se citan:

- D. Roberto bouza Sedes.
- D^a. M^a Luz Lopez Lopez.
- D^a. Faustino Pita Romero
- D. Manuel Perez Novo
- D Felipe Manuel Ferreira Toucedo
- D. Beatriz Bascoy Maceiras
- D. Jorge Juan Brañas Castro
- D. Jose Manuel Canosa Dopico

Asistidos da Secretaria da Corporación D. Consolación Couce Calvo, co obxecto de celebrar sesión extraordinaria e urxente para a que foron previamente citados, constando en Secretaría o recibí de citación á sesión por parte de tódolos membros que o compoñen.

Co quórum establecido polas disposicións legais vixentes para a válida constitución do pleno, polo Sr. Alcalde en funcions declarouse público e aberto o acto, adoptándose os seguintes acordos, conforme á orde do día que figura na convocatoria de citación á sesión.

1.- RATIFICACION, SE PROCEDE DA URXENCIA DA CONVOCATORIA

Polo Sr. Alcalde sometese a cosideración do Pleno a urxencia da convocatoria, en base a finalización do prazo de personación no procedemento monitorio 97/2011 o vindeiro luns, día 6 de xuño

O Pleno por unanimidade, acordou ratificar a urxencia da convocatoria

2.- PROCEDEMENTO MONITORIO 97/2011

O Pleno da Corporación, tras as conversas mantidas co equipo xuridico nomeado para a defensa deste Concello no Procementento monitorio 97/2011, instado por D. Manuel Varela Caaveiro, recramando o pagamento da factura 22/08 en concepto de honorarios parciais da

elaboración do proxecto de mellora do mercado comarcal de Moeche, E o efecto de evitar maiores gastos para este Concello, por unanimidade acorda

1.- Autorizar o pagamento a D. Manuel Varela Caaveiro da factura 22/08 en concepto de honorarios parciais da elaboración do proxecto de mellora do mercado comarcal de Moeche con cargo a partida 4 22706 do orzamento municipal.

2.-Proceder a depuración das responsabilidades patrimoniais que se poidan derivar do incumplimento da normativa aplicable a contratación adminsitrativa , e os consecuentes perxuicios ocasionados a facenda municipal pola contratación irregular dos traballos de referencia.

E, non habendo mais asuntos que tratar polo Presidente levantase a sesion sendo as 10 horas e 30 minutos do dia indicado no encabezamento. Do que eu, Secretaria CERTIFICO

Vº e Pz
O ALCALDE

A SECRETARIA